



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FEDERACIÓN AUTONÓMICA DE CENTROS DE ENSINO PRIVADO DE CECE-GALICIA PARA A REALIZACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

## ANTECEDENTES

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades exerce as competencias en materia de formación permanente do profesorado, e durante os últimos anos vén asinando acordos con sindicatos, asociacións, fundacións, universidades etc. para a realización de actividades de formación permanente do profesorado.

Que CECE-GALICIA conta con persoal cualificado e recursos materiais para contribuír á formación do profesorado que participa nas actividades de formación.

## RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A formación permanente do profesorado constitúe unha das pezas clave dun sistema educativo que aspire á mellora da súa calidade. A orde do 14 de maio de 2013 (DOG número 96, do 22 de maio) di no preámbulo que a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecerá un marco estable que dea resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo que permita conxugar e completar a oferta formativa institucional, coas propostas complementarias procedentes doutras institucións e entidades colaboradoras que organizan actividades de formación permanente do profesorado, en especial as desenvolvidas polas organizacións sindicais representativas do sector educativo, os movementos de renovación pedagóxica e as universidades.

## OBXECTIVOS

Coa sinatura deste convenio preténdese iniciar a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e CECE-GALICIA para establecer o marco





adecuado de colaboración, para regular as convocatorias, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades permanentes do profesorado en Galicia.

Para conseguir estes obxectivos as partes obríganse a:

1º. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- a) Establecer un seguimento das actividades durante a súa realización.
- b) Ditar resolución sobre o recoñecemento e inscrición das actividades reflectidas nas addendas no Rexistro Xeral de Actividades de Formación Permanente do Profesorado.

2º. CECE-GALICIA:

- a) Organizar actividades de formación permanente do profesorado, tendo en conta os requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013.
- b) Expedir a correspondente certificación aos/ás profesionais que participen nas actividades.
- c) Dispoñer de persoal técnico, equipamento e instalacións necesarias para levar a cabo as distintas accións formativas propostas no anexo ao convenio e nas addendas.

Polo indicado anteriormente, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera conveniente a sinatura deste convenio de cooperación educativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

